

ESCENA IV: (FUGA)

Sinto que a noite me apunta
co canón da lúa chea.
Perségume o ceo,
quere cravarme
o seu cabelo estrelado.
A cidade palpita
batáns xigantes
para moerme os miolos.
Por iso
deixo a cabeza e fuxo.
As miñas pernas corren
co peito nas mans,
pisando as voces que berro.
Tropézame o alento en cada poza
e sigo adiante. Sen respiración.
Non teño refuxio;
ninguén me vai axudar.

Pero se galopo firme
Viro a realidade
Ata vela desaparecer
entre o furacán que me ía engulir.

“Vinte en escena”, 2012. Edicións Positivas



“Incesante destrucción”, 2012, acrílico, óleo sobre lenzo 150x150cm

Exposición de pintura e poesía

A FUXIDA

- Detlef Kappeler
- Rosalía Fernández Rial

Do 5 ao 30 de setembro de 2015

Faro Vilán - Camariñas

Organiza:



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA
DE CAMARIÑAS

Colabora:



“Vendaval”, 2012, grafiti sobre cartón 30x38cm

DETLEF KAPPELER

O pintor alemán **Detlef Kappeler** (Stettin, 1938), que actualmente reside entre o seu país de orixe, Alemaña, e A Costa da Morte (Galicia), ten unha longa traxectoria como profesor universitario e como pintor. Despois de facer o bacharelato en Hamburgo, comezou a carreira de arquitectura na universidade de Hannover. En 1966 realiza os estudos de arte e pintura na Escola Superior de Belas Artes de Hamburgo que se prolongarán ao longo de tres anos. Durante este tempo de estudo preocúpase por coñecer a situación de países dos Terceiro Mundo como Biafra ou Vietnam. Logo viaxa a Nova Iork e á India, vivindo un tempo no barrio marxinal do Parel, na cidade de Bombai. Despois de pasar un ano (1972) cunha beca en París, regresa de novo a Hamburgo, ata que en 1974 é nomeado profesor titular da cátedra de Pintura e Debuxo da universidade de Hannover, actividade que exercerá ata a súa xubilación en 2003.

O seu primeiro estudo estaba situado nun edificio dunha antiga granxa na localidade de Sillens, á beira do mar do Norte, na península de Butjadingen (Baixa Saxonia), estudo que aínda conserva. En 1994 monta outro no barrio histórico de Barcelona, ata que no ano 2004 se traslada á aldea de Chorente, en Muxía.

As súas atormentadas vivencias da infancia, acompañarano durante toda a súa vida e influirán de maneira decisiva na súa pintura. En 1945, cando contaba 7 anos, tivo que fuxir xunto coa familia, da súa cidade natal polos intensos bombardeos a que foi sometida. Despois dunha breve estancia en Schwerin, foi conducido a un lugar de refuxiados de Schleswig Holstein. De alí pasará a establecerse en Hamburgo.

A oposición á guerra, ao autoritarismo e ás inxustizas está moi presente en toda a súa obra. Segundo el o mundo está cheo de contradicións, mentres unha boa parte dos cidadáns viven nun “paraíso”, os habitantes dos países do denominado Terceiro Mundo, viven nun “inferno”, no que impera a fame, a inxustiza e a violencia. O mar creador da beleza, ao mesmo tempo pode ser o causante da morte da xente que traballa nel.

Kappeler máis que falar da súa obra, prefire que a súa pintura fale por el. Nunha entrevista con motivo da súa exposición (2010) no local da Obra Social de Caixanova en Vigo, manifesta: “Vivo coas miñas contradicións, comigo, coa natureza e cos seres humanos”.

A través da súa pintura intenta conmover ao espectador e ao mesmo tempo facelo reflexionar sobre as actuacións irracionais do ser humano.

A obra deste prolífero pintor foi exposta en moitas cidades europeas, entre elas: Hamburgo, Potsdam, Hannover, Berlín, París, Barcelona, Madrid ou Vigo.

Comentarios sobre o artista e a súa obra:

“Nas súas pinturas algo se desenvolve constantemente, algo está pasando. Algún tipo de loita sempre se está disputando. Reflicítese unha cor expresiva e escura, case negra, pero con diferentes intensidades durante as décadas” (Rolf Wernsted, 2008).

“Kappeler, home dialéctico na súa forma de vivir, nos seus razoamentos e no seu enfrontamento coa realidade, transmite á súa obra esta idea de pulo, ímpeto e enerxía creadora” (Daniel Giral-Miracle).

“Cada cadro pode ser un berro simbólico emitido desde a atalaia que lle permite o seu coñecemento da condición humana, para facernos partícipes do seu teatro do mundo, a través dos problemas que el percibe como sensacións contraditorias da vida” (Antón Castro, 2013).

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

Rosalía Fernández Rial (Carballo-Muxía, 1988) é escritora, performer e investigadora. Despois de licenciarse en Filoloxía especializouse en Didáctica das linguas, da literatura e da expresión dramática e actualmente está a realizar o doutorado na USC, onde traballa.

Como poeta publicou diferentes libros, entre os que destacan *En clave de sol* (2009), *Átonos* (2011), *Vinte en escena* (2012), *Ningún amante sabe conducir* (2014), un poemario incluído en *Un mar de sensacións* (2012) e, outro, de maneira compartida, en Catálogo (2015). Como narradora participou nos volumes colectivos *Follas de Carballo* (2011) e *Contos de taberna*, en varias revistas literarias e xornais dixitais galegos.

Ten realizado diversas pezas escénicas a partir dos seus textos, así como colaborado en varios proxectos performánticos e interartísticos. Asemade, vén de publicar un CD co proxecto ELO, presentado mediante un espectáculo poético e musical.

Algunhas críticas ao seu último libro *Ningún amante sabe conducir*.

“Pola súa obra poética anterior e por esta que comentamos agora, amósase como unha das poetas que sen dúbida ningunha están chamadas a ser figuras da lírica galega no século XXI”. Manuel Rodríguez Alonso: Bouvard e Péuchet.

"Eis un volume que deixa unha lectura certamente atraente. Resulta difícil non sentirse atraído xa desde o título, renunciar a ler un libro con título tan suxestivo. A riqueza simbólica trascende o poemario e áchase tamén inoculada na prosa poética e na teatralización". Xosé M. Eyré: Galicia Confidencial

"Rosalía Fernández Rial contribúe a alentar e vivificar con solidez o noso discurso poético e faino cun libro coma este, que abraza certa rebeldía e irreverencia e que se acaroa a algo así como unha “road movie” literaria que dialoga con diversos xéneros, tripa con convicción camiños - léanse estradas- como as que conducen ao desexo e ao erotismo, interseccionando entre si para erixir unha suxestiva e ricaz metáfora da propia vida e de nós mesmos". Ramón Nicolás: Suplemento "Fugas" de La Voz de Galicia.